

# InfoLalín

Boletín Informativo da Alcaldía

Publicación semestral

10\_novembro\_2010\_marzo\_2011



## O COCIDO VAI A MÁIS E AUMENTA O NÚMERO DE VISITANTES

### 05 EMPRESA E TRABALLO

O alcalde de Lalín, José Crespo, destaca o esforzo do concello no eido laboral, a pesar de carecer de competencias en materia de emprego.

### 07 POLÍGONOS

Urbanismo aproba a modificación do PXOM para Catasós.

### 08 OBRADOIRO.

Lalín Social III forma a 32 desempregados en tres especialidades: Coidado de maiores, mantemento e reparación de edificios e agricultura ecolóxica.

### 17 EDUCACIÓN

Alumnos e mestres estrearán o novo Golmar en abril.

### 18 RURAL

O Concello melloras as pistas do rural



Comezou a mellora da ponte sobre o río Asneiro en Prado.



## PLAN EMTRA: AFORRO FISCAL PARA COMBATER A CRISE



## O NOVO CONCELLO PREPÁRASE PARA DAR SERVIZOS AOS LALINENSES

## InfoLalín

Boletín Informativo da Alcaldía

Edita


Concello de Lalín

Redacción e fotografía

Gabinete de Comunicación da Alcaldía

Depósito Legal

Depósito Legal: C 1067 - 2007



Lalín km cero



### TELÉFONOS DE INTERESE

CONCELLO DE LALÍN_	986787060
Auditorio Municipal_	986783570
Biblioteca Municip. "Varela Jácome"_	986783876
Centro de Información á Muller_	986782352
C. Municip. Formación Ocupacional_	986794134
Departamento de Servizos Sociais_	986780014
Gardería Municipal Pontiñas_	986781853
Museo Galego da Marioneta_	986784694
Museo Municipal "Ramón M <sup>a</sup> Aller"_	986784004
Oficina Agraria_	986787202
Oficina Municipal Información Xuvenil_	986787052
Pavillón Municipal de Deportes_	986783426
Piscinas Municipais_	986781702
Policía Local_	986784444
Protección Civil_	986787161
Punto Limpo_	986794420
Radio Lalín_	986787058
Casa da Xuventude_	986780229
Centro Comarcal Expodeza_	986794059
Centro de Saúde_	986780085
Centro Social da Terceira Idade_	986781179
Correos e Telégrafos_	986780428
Estación de Autobuses_	986784080
Garda Civil_	986787119
Instituto Nacional de Emprego_	986780465

# Índice

03\_SAÚDA DO ALCALDE

04\_EN PORTADA

Plan EMTRA: Aforro fiscal para combatela crise.

09\_REPORTAXE

O Cocido foi a máis e celebrou a edición máis multitudinaria

14\_NOVO CONCELLO

A nova casa de tódolos lalinenses prepárase para comezar a dar servizos

17\_EDUCACIÓN

Alumnos e profesores do Xesús Golmar estrenan o novo colexio a finais de abril

18\_ACTUALIDADE

O Concello mellora accesos e pistas do rural

20\_NOVAS TECNOLOXÍAS

O Internet de banda ampla chega ao noso rural da man de REPOBLAR



Pax\_7



Pax\_9



Pax\_23



**AO LONGO DESTES CATRO ANOS, VIMOS COMO OBRAS QUE AO COMEZO DO MANDATO ERAN POUCO MÁIS QUE DEBUXOS NUN PAPEL SE FACÍAN REALIDADE, TANTO PARA A ZONA URBANA COMO PARA O RURAL**

Queridas/os amigas/os:

**C**ando faltan menos de dous meses para as eleccións municipais, creo que é momento de facer un pequeno balance do que considero foron catro anos dun avance máis que considerable na dotación de servizos e mellora da calidade de vida para os nosos veciños.

Ao longo deste tempo, vimos como obras que ao comezo do mandato eran pouco máis que debuxos nun papel se facían realidade tanto da zona urbana como do rural: a nova Casa do Concello, o Lalín Arena, o novo colexio Xesús Golmar, as vivendas sociais, os locais sociais de Donramiro ou Goiás ou o novo depósito de abastecemento de auga, entre outras.

Xunto a estas actuacións, continuamos mantendo o noso Concello aberto durante 12 horas ao día, ao tempo que posibilitamos aos nosos veciños do rural unha conexión a internet de calidade e a un prezo reducido.

Nestes catro anos tamén conseguimos que a nosa Feira do Cocido fose recoñecida como Festa

de Interese Turístico Nacional, unha declaración que viu acompañada coa celebración este ano dunha das feiras máis multitudinarias e mediáticas de todas as que levamos organizado nos últimos 43 anos, e que a bo seguro axudou aos establecementos comerciais e hostaleiros do municipio a sanear as súas contas nestes momentos de crise que estamos a padecer.

Foi moito o feito, pero tamén queda moito por facer, sobre todo para atender, na medida das nosas posibilidades, a demanda de novos postos de traballo existentes no noso municipio. Para elo, puxemos en marcha o coñecido como Plan EMTRA (Empresa e Traballo), en colaboración coa Asociación de Empresarios de Deza, e que ten como únicos obxectivos a creación de emprego e o desenvolvemento empresarial no noso concello.

É un proxecto ambicioso que suporá unha merma para as arcas municipais polas exencións fiscais que oferta, pero que consideramos necesario para botar unha man ás persoas e empresas que peor o están pasando neste momento de crise económica, ao tempo que situamos a Lalín como un lugar atractivo para o asentamento de novas industrias. Todo elo tendo presente que os concellos somos as únicas administracións públicas que carecemos de competencia algunha en materia de emprego.

Nas páxinas que seguen, tedes ampla información do que supón o Plan EMTRA, ademais dunha ampla reportaxe sobre a última Feira do Cocido de Lalín e outras informacións sobre obras en edificios emblemáticos como o Pazo de Liñares e outras actuacións no noso rural para conseguir que os seus habitantes gocen dun nivel de vida semellante aos residentes en zona urbana. Espero que sexa do voso agrado.

**FOI MOITO O FEITO, PERO TAMÉN QUEDA POR FACER, SOBRE TODO PARA ATENDER, NA MEDIDA DAS NOSAS POSIBILIDADES, A DEMANDA DE NOVOS POSTOS DE TRABALLO EXISTENTES NO NOSO MUNICIPIO**



O alcalde de Lalín explicou aos empresarios as medidas do plan Emtra

# PLAN EMTRA: AFORRO FISCA

Crear emprego, fomentar a creación de novas empresas, facilitar información a persoas na procura de emprego e favorecer o desenvolvemento empresarial son os obxectivos principais do Plan Empresa e Traballo-EMTRA, posto en marcha polo Concello de Lalín en coordinación coa Asociación de Empresarios (AED).

O Plan EMTRA porá a disposición dos empresarios e emprendedores de Lalín toda a información necesaria para a creación de novas empresas ou a mellora da produtividade das existentes, ao tempo que levará a cabo un censo de locais comerciais e naves industriais dispoñibles e a oferta de solares existentes tanto

para a construción de naves industriais como de vivendas.

No ámbito da orientación laboral, o Plan EMTRA converterase nun instrumento para favorecer a busca do primeiro traballo a desempregados, para o que se unificarán as bases de datos de ofertas e demandas de emprego existentes tanto a nivel municipal como da asociación de empresarios.

Sen embargo, o atractivo principal deste Plan EMTRA serán as exencións fiscais dispostas polo Concello, tanto do Imposto de Actividades Económica (IAE), como do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) ou a derogación da taxa de licenza de apertura.

Facilitará información a empresarios e favorecerá a busca do primeiro traballo entre os desempregados

# CRESPO DESTACA O ESFORZO FEITO SEN COMPETENCIAS EN EMPREGO

O alcalde de Lalín, José Crespo, salientou ante máis de 50 empresarios que asistiron á presentación pública do Plan EMTRA “o esforzo económico que suporá para o Concello de Lalín estas medidas de fomento do emprego e o desenvolvemento empresarial, a pesar de que os concellos somos a única administración pública que carecemos de competencias en materia de emprego”.

Neste sentido, Crespo

apuntou que “o noso obxectivo é facilitar na medida das nosas posibilidades e chegando ata o límite que nos permite a lexislación, o asentamento de novas empresas no noso municipio e o impulso das existentes”.

O alcalde sinalou que “a creación de postos de traballo

vai ser o noso principal obxectivo nos vindeiros anos, xa que estamos convencidos que o emprego debe ser a base sobre a que se asente a recuperación económica”.



## AL PARA COMBATER A CRISE

### EXENCIÓNS FISCAIS NOS IMPOSTOS E TAXAS MUNICIPAIS INCLUÍDOS NO PLAN EMTRA

#### **\* Imposto de Actividades Económicas (IAE)**

a.- Bonificación do 50 por cento para empresas de nova creación, cun mínimo de 5 traballadores en plantilla.

b.- Bonificación do 25 ao 50 por cento para empresas xa establecidas, en función do incremento de empregados con contrato indefinido.

#### **\* Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)**

a.- Bonificación do 95 por cento para naves industriais de nova construción.

b.- Bonificación do 50 por cento para vivendas de promoción pública e cooperativas.

#### **\* Taxa de licenza de apertura**

Derogación da taxa por apertura de establecementos.



O grupo de goberno está a traballar nun plan EMTRA para o agro

## AS EXPLOTACIÓNS RURAIS TAMÉN SE BENEFICIARÁN DO PLAN EMTRA

Unha vez posto en marcha o Plan EMTRA para a creación de emprego no sector empresarial, o Concello de Lalín está a traballar para a creación dun programa que beneficie ás explotacións agrogandeiras de Lalín e facilite a creación de postos de traballo neste sector económico e a mellora da súa competitividade.


A importancia do medio rural no concello lalinense refléxase nas cerca de 10.000 persoas que residen neste ámbito, no que están censadas 2.420 explotacións agrogandeiras con máis de 75.000 cabezas de gando vacún, ovino, equino e porcino.

Entre as medidas que están a estudar os técnicos municipais e que

se consensuarán con profesionais e cooperativas agrarias figuran bonificacións en impostos e taxas municipais, actuacións dirixidas á diversificación económica das explotacións coa apertura de posibles mercados para os seus produtos, o apoio á incorporación de mozos á actividade agraria e a redución de custos de produción coa posta en marcha de actuacións de aforro enerxético.



No rural lalinense viven arredor de 10.000 persoas



O polígono de Catasós estará a escasa distancia da entrada da AP-53

## URBANISMO APROBA O CAMBIO DO PXOM PARA O POLÍGONO DE CATASÓS

A creación dunha nova área industrial na zona de Catasós de máis de 60 hectáreas de extensión deu un paso adiante coa aprobación por parte da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia da modificación puntual do Plan Xeral para reclasificar un ámbito de solo rústico en urbanizable comercial-industrial.

A partir dese momento, os técnicos municipais puxéronse mans a obra para remitir todo o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que será quen proceda á aprobación definitiva deste proxecto

e dar paso ao seguinte proceso: elaboración dun Plan Parcial, consecución dos terreos e realización do proxecto de urbanización.

Esta extensión de 61,2 hectáreas de nova zona industrial na parroquia lalinense de Catasós permitirá atender as demandas existentes e previstas de solo, tanto por parte da pequena empresa local (que busca unhas instalacións de calidade a un prezo reducido) como pola mediana e grande empresa (que precisa de parcelas de gran superficie e unha posición estratéxica para desenvolver a súa actividade).

O Concello remitirá de inmediato o expediente á Xunta para a aprobación definitiva deste proxecto

# 'LALÍN SOCIAL III' FORMA A 32 PARADOS EN TRES ESPECIALIDADES

*Un total de 32 desempregados están a participar este ano no obradoiro de emprego 'Lalín Social III', no que terán a oportunidade de recibir formación especializada*

*en agricultura ecolóxica, coidador de maiores e dependentes, e mantemento e reparación de edificios. O orzamento deste programa supera os 780.000 euros*



Lalín Social III formará alumnos en tres especialidades

Aposta en marcha deste novo obradoiro de emprego responde á política de fomento do emprego desenvolvida polo Concello de Lalín, na busca de incrementar a formación dos desempregados para facilitarlles a súa incorporación ao mercado laboral.

Nesta ocasión, o obradoiro continuará cos traballos de acondicionamento e rehabilitación dos centros sociais das parroquias, en concreto con actuacións en Cadrón, Camposancos, Galegos, Gresande, Lebozán e Xaxán.

Estas obras nos centros cívicos sumaranse ás realizadas en anteriores obradoiros de emprego en Losón, Prado, Noceda, Bermés, Maceira, Cercio, A Xesta, Palmou, Cello, Rodís, Anzo, Méixome, Alperiz, Castro, Alemparte, Moneixas, Catasós Botos e Cristimil.

O Lalín Social III tamén continuará co programa 'Maiores no rural', tanto no apartado de acompañamento e respiro familiar como de envellecemento activo.

Pero a gran novidade é a especialidade de agricultura ecolóxica, a través da que os alumnos recibirán formación sobre cultivos respectuosos co medio ambiente e vinculados coa produción de alimentos sans orientados ao mercado



A Feira do Cocido celebrou a súa edición máis multitudinaria

# O COCIDO FOI A MÁIS E CELEBROU A EDICIÓN MÁIS MULTITUDINARIA

A XLIII edición da Feira do Cocido, a primeira que se celebrou baixo a condición de Festa de Interese Turístico Nacional, será recordada como a máis importante hasta a data en asistencia de visitantes e, sin dúbida, a que máis eco mediático levantou.

Preto de 70.000 persoas se diron cita polas rúas lalinenses o día grande e varias decenas de miles máis pasaron por Lalín para degustar o Cocido e as súas excelencias no “Mes do Cocido”.

Ao éxito do día Grande e do Mes do Cocido uniuse un dos novos eventos do Cocido, os “Bocadiños do Cocido” que reuniron a 13 establecementos lalinenses nun concurso no que se prepararon

outras tantas tapas e na que foron máis de 3000 os clientes que apostaron por estes cocidos de deseño en pequeno formato.

Esta primeira edición de Interese Nacional deixou un literario pregón dunha xornalista de primeira liña como Mariló Montero e comendadores como Fernández Tapias, María Zurita ou os dezanos Neira Vilas, Ángeles Guerra ou Suárez Serrano.

Esta edición amosou que a Feira do Cocido non entende de crise e lonxe de resentirse ca situación actual foi a máis e soubo medrar para darse a coñecer a máis e máis xente e difundir esa imaxe de marca de primeira calidade que é o Cocido e os produtos cos que se elabora.



Máis dun centenar de veciños de Sello prepararon unha matanza tradicional que tivo ata demostración de maquinaria antiga



# SELLO LEMBROU A MATA TRADICIONAL

**P**reto de un milleiro de persoas assistiron á matanza tradicional que nesta duodécima edición se

celebrou na parroquia de Sello.

O mal tempo non desluciu o traballo do centenar de veciños

que prepararon unha manchea de postres e agasallaron aos visitantes con produtos relacionados co porco na comida posterior ao evento.

A recreación da matanza celebrouse na “casa de Pérez”, onde un xove pero experimentado matachín lembroulles aos presentes os usos e costumes da matanza de antano que, moitas de elas, aínda seguen pervivindo co paso do tempo.

A pertinaz choiva que caeu a primeira hora non foi óbice para que veciños dos arredores e outros chegados de diversos puntos de Galicia fixeran memoria de como se traballaba antano.

Como novidade, os veciños programaron unha exhibición de apeiros antigos na que amosaron o funcionamento dunha vella máquina de mallar que estivo a debullar uns mollos e outro apeiro de trituralos toxos.



Os novos valores da cociña dezana deixaron pegada no concurso de tapas “Bocadiños do Cocido”



**O**s “Bocadiños dos Cocido”, unha das novidades deste ano da Feira, organizados en colaboración ca AED, achegou o Cocido a bares, bodegóns e establecementos hostaleiros que ata agora estaba un pouco ao marxe da Feira. Foron máis de 3000 os clientes que degustaron o cocido en formato reducido dos 13 participantes. As gañadoras foron as propostas de Restaurante La Molinera, Restaurante Agarimo e Hotel Torre do Deza

## A GALA ABARROTOU O LALÍN ARENA

A Gala da Gastronomía resultou un éxito de público e audiencia. A primeira edición no Lalín Arena reuniu a 4.000 persoas que se sumaron ás máis de 250.000 que o viron por televisión, acadando un 22,8 por cento de share. As actuacións de Bustamante ou Melendi levantaron ao público dos asentos.



O Lalín Arena abarrotouse de público para presenciar a Gala da Gastronomía



Lalín voltou a recoñecer o traballo en favor da cociña galega

# MARIDAXE DO COCIDO CO VIÑO E CINE

O Cocido sumou nesta primeira edición como Festa de Interese Turístico Nacional dous novos complementos que con seguridade perdurarán e darán aínda máis interese a festa, unha Cata Comentada para profesionais e o Cine do Cocido.

Os días posteriores ao cocido, o campeón de España de maitres e xefes de sala, Nacho Costoya, impartiu unha cata comentada para os profesionais de

hostelería que puideron perfeccionar os seus coñecementos á hora de maridar o cocido ca oferta de viños existentes.

O Cine do Cocido convertiu o Salón Teatro nunha sala de cine para proxectar curtametraxes que tiñan ao porco como protagonistas.

Sorprende a calidade dos traballos presentados nesta primeira edición que chegaban de Dinamarca, Eslovenia e Galicia e que amosaban a temática porcina dende diversos eixos narrativos.



Nacho Costoya dirixiu a cata en torno ao cocido



O Cine do Cocido iníciouse con tres curtametraxes

A Feira do Cocido Aten dende esta 43 edición a súa propia baralla.

Deseñada por Arindo Salgueiro, cambia os paus tradicionais para outorgarllos aos grelos, cuncas, grelos e coitelos.





María Zurita



Doutor Pérez Vázquez



Fernando Fernández Tapias



José Ramón Ónega



Doutor Suárez Serrano



Ángeles Guerra

## O COCIDO TEN OITO NOVOS EMBAIXADORES



Xosé Neira Vilas

O vestíbulo do novo Concello acolleu, por primeira vez, o Capítulo Xeral da Encomenda do Cocido que chegaba a duodécima edición.

Empresarios como Maria Zurita, Fernández Tapias e Ángeles Guerra; médicos como José

Manuel Pérez Vázquez e Ángel Suárez; escritores como José Ramón Ónega e Neira Vilas e a xornalista Mariló Montero comprometéronse a defender o Cocido de Lalín e con elo convertéronse en embaixadores do prato rei da gastronomía de

Galicia e do noso Concello.

Na Encomenda e nos actos do Cocido participaron este ano personalidades como o empresario Florentino Pérez o presidente da Xunta, Alberto Núñez e conselleiros como os de Cultura, MATI ou Educación.



A pregoneira derrochou simpatía e agarimo

## MARILÓ MONTERO ENCANDILOU A LALÍN

Mariló Montero glosou as excelencias do Cocido apelando as experiencias no agro de dous lalinenses,

Manuel e Lola, aos que usou con fío condutor da súa coidada argumentación literaria sobre o cocido. Mariló anunciou que

chegaba a Lalín para “roubar” unha parte da nosa beleza e da nosa gastronomía, pero deixou pegada da súa simpatía.



# O COCIDO CAPTOU AS MIRADAS DOS MEDIOS NACIONAIS E AUTONÓMICOS

**A** XLIII edición da Feira do Cocido de Lalín medrou en visitantes pero tamén experimentou un notable incremento na difusión mediática, duplicándose os medios de comunicación, especialmente nacionais, que asistiron a cubrir o primeiro evento gastronómico de

interese turístico nacional do ano. A empresa de “clipping” que realizou o seguemento mediático da Feira valorou nunha cifra superior ao millón de euros o custe que tería esa difusión, en caso de ter que pagala a prezo de publicidade. Moitos miles de persoas

puideron seguir por televisión, internet e polos xornais tanto nacionais como autonómicos as novidades da feira nos días previos e o propio día grande. Canles como TVE, Antena 3, Telecinco, La Sexta, TVG, Correo TV, Voz Televisión ou Telemiño adicaron minutos nas súas parrillas á Feira do Cocido.



# A NOVA CASA DE TÓDOLOS LALÍN PREPARASE PARA COMEZAR A DAR

## *Evolución das obras*



Marzo 2006



Novembro 2006



Setembro 2007





O novo Concello foi visitado por unha ampla representación de arquitectos de Galicia

# NENSES SERVIZOS

A nova casa dos lalinenses, “o castro tecnolóxico”, como a bautizaron os arquitectos Mansilla e Tuñón, xa esta rematada e, en breve, comezará a prestar servizo aos veciños, permitindo un acceso máis cómodo e centralizado a todas as prestacións, tramitacións e consultas municipais, sin ter que desprazarse, como na actualidade, entre varios inmobles para completar as xestións.

Despois de cinco anos de obras, o emblemático edificio quedou rematado á espera de que a colocación de sinaléctica, maquinaria, mobiliario e demais material de oficina completen a dotación do edificio e comece a acoller os diversos departamentos e servizos.

Rematada a infraestrutura, pasaron polo edificio unha trintena de representantes do COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) co decano Celestino García Braña á cabeza que destacou a beleza do edificio lalinense do que destacou a “sobriedade dos seus materiais e deseños”. A visita serviu para que poideran ollar o traballo de Mansilla e Tuñón e coñeceron de primeira man un edificio que é xa dos emblemáticos de Galicia.

A nova casa consistorial, rematada aínda que sen mobles, foi escenario do Capítulo Xeral da Encomenda do Cocido, a primeira cita oficial do edificio que puido ser ollado, tanto na súa praza central como o vestíbulo polos asistentes a este acto que comentaron a espectacularidade do edificio administrativo.



Septembro 2008



Xaneiro 2009



Xuño 2010





## CONCELLO E UNIVERSIDADE DE VIGO, XUNTOS NA BUSCA DE INICIATIVAS PIONEIRAS PARA LALÍN

*O alcalde de Lalín, José Crespo, e o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, presidiron a constitución do I Foro de Traballo con representantes de ambas entidades en seis comisións diferentes.*

Tres vicerreitores, a directora da Escola de Telecomunicacións, a directora do AtlanTIC, o presidente do Centro Tecnolóxico das Telecomunicacións de Galicia e varios catedráticos e profesores universitarios é a representación da Univesidade de Vigo nas seis comisións creadas, con presenza de concelleiros, o presidente

da AED, Alejandro Campos; o xerente do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), Eliseo Diéguez; empresarios como Florentino Cacheda, Rafael Rey, Abel Vila, Javier Sampayo ou Isidro Barco; a xerente do GDR-Terras de Deza, Elena Fernández; xunto a técnicos municipais en cada materia.

En concreto, puxéronse en marcha grupos de traballo de

enerxías renovables e aforro enerxético; promoción do sector téxtil; política municipal; agroindustria; mellora das Telecomunicacións; e impulso ao turismo.

Logo deste primeiro encontro, as distintas comisións continuarán traballando para avanzar nos distintos temas que se puxeron enriba da mesa neste primeiro encontro e que servirán para que Lalín sexa un punto de referencia na posta en práctica de medidas innovadoras nos distintos ámbitos de colaboración establecidos coa Universidade de Vigo.

### ALUMNOS DA UNED FARÁN PRÁCTICAS NOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS

O Concello de Lalín asinou coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) un convenio a través do que os estudantes matriculados nesta entidade complementarán a súa formación teórica coa realización de prácticas nos distintos departamentos municipais.





## ALUMNOS E PROFESORES DO XESÚS GOLMAR ESTREAN O NOVO COLEXIO A FINAIS DE ABRIL

**A** Consellería de Educación e o Concello de Lalín acordaron proceder ao traslado de profesores, alumnos e o resto da comunidade educativa ás novas instalacións do colexio Xesús Golmar a finais do mes de abril, unha vez está previsto que os traballos do novo edificio estean finalizadas arredor do 21 de marzo.

Deste xeito, dase resposta a unha demanda da comunidade educativa deste colexio lalinense desde hai varios anos, que a partir de agora contarán cunhas novas instalacións nas que a Xunta de Galicia investiu 5,4 millóns de euros.

O novo Xesús Golmar ocupa unha superficie cercana aos 5.800 metros cadrados. As novas instalacións educativas dispoñen de 12 aulas de educación infantil e 18 de primaria, ademais de patio de xogos cuberto e ximnasio.





Botos-Vilanova



Barcia



Polígono Industrial-Santiso



Beirarrúas en O Corpiño



Donramiro

**NOVAS BEIRARRÚAS EN O CORPIÑO**  
 A Deputación de Pontevedra ten case ultimadas as beirarrúas de O Corpiño que se instalaron tralo ancheamento do vial que contempla dous carris de circulación e aparcamento a ambas marxes. Novos solados, iluminación e servizos soterrados son algunhas das melloras, ademais do incremento da seguridade vial desta zona. ORZAMENTO: 200.000 euros.



Gresande

## O CONCELLO MELLORA ACC

O Concello de Lalín está a realizar unha ampla campaña de mellora de accesos, camiños, pistas e viais do rural. Melloras que se acometen con fondos propios, con cargo ao PID da Deputación de Pontevedra e con fondos da Xunta de Galicia.

As malas condicións climatolóxicas dos dous últimos invernos deixaron algúns accesos moi deteriorados pola accións da choiva que se están a reacondicionar en diversas calidades de afirmado dependendo do tráfico que soporten, o uso dos mesmos e as necesidade de comunicación da parroquia.

Este plan de mellora de viais ten un orzamento superior ao millón de euros e permitirá acometer accións en preto dun



Rodís-Palio



Bermés



Anzo



Ponte río Asneiro



Muimenta



Alperiz

## MELLORA DA SEGURIDADE VIAL

A firma Taboada e Ramos, adxudicatária das obras, comezou a finais de febreiro cas obras de reorientación da ponte sobre o río Arnego no vial Vilatuxe-Prado. Unhas obras que permitirán mellorar a seguridade non só na ponte, senón nun amplo tramo que presentaba curvas con reducidos radios que serán ampliadas. ORZAMENTO: 450.000 euros.

# ACCESOS E PISTAS DO RURAL

centenar de estradas das parroquias do rural de Lalín. Algunhas das melloras de viais xa se acometeron e realizáronse en núcleos e accesos a lugares das parroquias de Santiso, Botos, Barcia, Gresande, Vilatuxe, Vilanova, Bermés, Goiás, Muimenta ou Anzo, entre outros. Melloras que terán continuidade nas vindeiras semanas para completar as preto de un centenar de melloras que se pretenden realizar. Outras actuacións singulares son as que se están acometendo en puntos como as estradas provinciais Vilatuxe-Prado ou Prado-Bodaño que van a significar unha mellora na seguridade vial ca construción de beirarrúas no entorno de O Corpiño ou a reforma da ponte sobre o río Asneiro.



Ponte Vilanova



O alcalde de Lalín mantivo xuntanzas cos veciños das parroquias onde xa está implantada a cobertura para explicar, con técnicos da empresa, as características de REPOBLAR

## O INTERNET DE BANDA AMPLA CHEGA AO NOSO RURAL DA MAN DE REPOBLAR

O alcalde de Lalín, José Crespo, foi un dos impulsores do proxecto da Deputación de Pontevedra que xa está levando ao rural o servizo de internet de banda ampla. Un servizo que baixo o nome REPOBLAR permite acceder aos veciños das zonas rurais a rede de rede a prezos competitivos e velocidades moi superiores que as que estaban a ofrecer os operadores tradicionais.

Na comarca de Deza xa hai instalados 12 repetidores que permiten dar servizo a unha parte ampla da zona rural. Nas vindeiras semanas, instalarase un cuarto repetidor no Concello de Lalín que dará servizos


ás zonas de Zobra, Vilatuxe, Lebozán, etc.

Crespo mantivo nas pasadas semanas reunións cos veciños de unha manchea parroquias nas que xa hai cobertura e onde lle apuntaron a necesidade do servizo. Algúns dos usuarios, que asistiron ás reunións

comentaron a alta calidade do servizo para navegar por internet e atendelo correo electrónico.

Aquelas persoas que desexen contratar o servizo poden facelo en dúas modalidades de acceso a Internet de banda larga: 1Mb por 17€ ó mes (20,06€ con IVE), e 2Mb por 34€ ó mes (40,12€ con IVE), e tamén existe a posibilidade de contratar servizo de telefonía cunha das dúas opcións anteriores por 6€ máis ó mes (7,08€ con IVE).

Para informarse e realizar a contratación do servizo poden chamar de balde ó 1632 ou ben na Oficina Agraria de Lalín, que visitan os técnicos do servizo.





Cimentos do novo local social de Filgueira e recreación 3d do proxecto



## COMEZO A CONSTRUCCIÓN DO LOCAL SOCIAL DE FILGUEIRA

A parroquia de Filgueira disporá no verán do seu propio local social que se escomezou a construír a finais do mes de febreiro nunha parcela aledaña aos terreos que ocupará a cuarta fase do polígono Lalín 2000.

O edificio singular, que se constrúe con cargo ao PID da Deputación, terá unha superficie construída de 295 metros cadrados, dos que 196

serán da sala principal, 15 de sala de reunións e 10 adicados a aseos.

O edificio deseñado polo arquitecto Pablo Fernández Villamarín contemplará un só volume que albergará tódalas dependencias.

O orzamento das obras ascende a 218.414 euros e converterase xunto aos de Donramiro e Goiás en locais sociais de referencia.

## AS OBRAS DA NOVA PISCINA VAN A BO RITMO

As estruturas internas e externas da nova piscina municipal xa están rematadas e case presentan o que será o seu aspecto definitivo. A empresa Antalsis está a acometer agora os traballos no interior, tanto da zona de baño como nos vestiarios, e a instalación dos diversos servizos e a maquinaria necesaria para a posta en marcha de esta moderna instalación deportiva que substituirá as vetustas instalacións do entorno do auditorio.

A nova piscina permitirá aforrar en enerxía en moitos eidos, xa que presentan uns teitos máis baixos co que se aforrará nunha calefacción que ademais funcionará a base de pelets, moito máis



eficientes e baratos que o gas ou gasoil.

A nova piscina municipal, que estará operativa nos vindeiros meses, permitirá deixar atrás as eivas da vella instalación que presentaba problemas de maquinaria como consecuencia da antiguidade e da corrosión provocada polas fugas existentes nos vasos provocadas polo paso do tempo.

## MASIVA PARTICIPACIÓN NO DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO

Máis de 500 persoas participaron no desfile e concurso de disfraces do Entroido organizados polo Concello de Lalín.

O desfile partiu desde a Praza da Igrexa e percorreu diversas rúas do casco urbano, para rematar no Lalín Arena.

O recinto multiusos acolleu o

concurso de disfraces, no que se repartiron 2.500 euros en premios nas distintas categorías de infantil individual,

adulto individual, parellas e grupos.



As empresarias Paula Beloso, Concha Penas Rey, Victoria Castro Dobarro e Teresa Blanco Álvarez foron

as ganadoras este ano do Premio Honorífico á Muller Empresaria “Maruja Gutiérrez”, que se entregou o pasado 11 de marzo no Museo Ramón Aller.

### PAULA BELOSO, CONCHA PENAS, VICTORIA CASTRO E TERESA BLANCO RECIBEN O PREMIO “MARUJA GUTIÉRREZ”

Previamente, o alcalde de Lalín, José Crespo, procedeu ao descubrimento da praca que da nome á rúa Maruja Gutiérrez, todo elo incluído nos actos conmemorativos do Día Internacional das Mulleres.

## SELECCIONADOS 59 ARTISTAS PARA PARTICIPAR NA X BIENAL LAXEIRO

Un total de 59 artistas, procedentes de países como Inglaterra, Rumanía, Alemaña, Holanda e Arxentina, ademais de diversos puntos da xeografía española e galega, participarán na X Bienal Pintor Laxeiro,

que será inaugurada o 6 de maio e que incorpora senllos apartados de pintura e escultura.



Representantes das asociacións de empresarios, comerciantes e consumidores de Lalín constituíron a Mesa Local do Comercio, un órgano colexiado que servirá para a

### A MESA LOCAL DO COMERCIO COORDINARÁ AS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO SECTOR

participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos do sector comercial no concello.

# Repoblar

Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Proxecto cofinanciado e liderado pola



Deputación  
Pontevedra

## O CONCELLO DE LALÍN LEVA INTERNET AO RURAL

En LALÍN,  
vivas onde vivas,  
SEMPRE CONECTADOS

# 1Mb 17€\*



Concello de LALÍN  
[www.lalin.org](http://www.lalin.org)

\* 20,06 €/mes con IVE  
69,62 € alta e instalación con IVE

Chama, infórmate e contrata no

**1632**  
TELÉFONO GRATUÍTO



Servizo  
ofrecido  
por:



[www.repoblar.depo.es](http://www.repoblar.depo.es)

[www.tngo.es](http://www.tngo.es)

## INTERNET DE BANDA LARGA EN LALÍN



Proxecto cofinanciado pola  
**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional  
"Unha maneira de facer Europa"



Concello de LALÍN



Deputación  
Pontevedra

# O PAZO DE LIÑARES VOLVERÁ AO SEU ESPLENDOR DE ANTANO PARA O USO E DISFRUTE DE TÓDOLOS LALINENSES

O alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias, asinou a principios de decembro do pasado ano co ministro José Blanco, ao que lle agradeceu dunha maneira especial a súa colaboración, o convenio polo cal o Ministerio de Fomento aportará 2,4 millóns de euros para a rehabilitación do Pazo de Liñares. Un investimento que se complementará con outro convenio que se asinará ca Xunta de Galicia, ca Consellería de Cultura que dirixe Roberto Varela, de 800.000 euros para poñer en valor o senlleiro edificio no que naceu o aviador Loriga.

Conseguida a financiación, o Concello de Lalín adxudicou no pleno de febreiro, a reforma que se comezará a acometer nas vindeiras semanas e que, consistirá na rehabilitación

das tres plantas do edificio que suman máis de 2000 metros cadrados que se converterán

nun contedor cultural e expositivo no que terán cabida dende o Lalínlab, o Museo da Aviación, o Museo dos Pazos; así como, actividades culturais, musicais e creativas.

Ca rehabilitación do edificio e posta en valor concluirá un longo proceso que iniciou o goberno municipal ca compra do edificio en 2002. Realmente, podemos estar moi satisfeitos tódolos lalinenses.



Sinatura do convenio no Ministerio de Fomento



Recreación tridimensional do proxecto de rehabilitación